



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN E A ENTIDADE LA REGIÓN, SA, EDITORA DO XORNAL “LA REGIÓN”, PARA ELABORAR E PUBLICAR INFORMACIÓN RELACIONADA CON ESTRATEXIAS, PROGRAMAS E/OU INICIATIVAS DA CONSELLERÍA QUE RESULTEN DE INTERESE PARA A CIDADANÍA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, que actúa no exercicio das competencias que ten atribuídas pola Orde do 10 de xuño de 2016 da Consellería de Economía, Emprego e Industria sobre delegación de competencias en diversos órganos desta consellería (DOG núm. 131, do 12 de xullo de 2016, **DECLARA:**

Que esta Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación formalizou coa entidade LA REGIÓN, SA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 19 de febreiro ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e a entidade La Región, SA para elaborar e publicar catro páxinas relacionadas coa innovación e a dinamización empresarial nun apartado específico de economía. En concreto, dúas delas relativas a un encontro xornalístico sobre ditas materias competenciais e as outras dúas con contidos de reportaxes divulgativas. Ademais, publicación de banners con programas da consellería: 500.000 impresións de banner 300x300 na portada www.laregion.es.

E tamén promover entre os lectores desta entidade o coñecemento das iniciativas e convocatorias de axudas que se leven a cabo desde a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. Para a publicación dos contidos nos diferentes formatos, prestarase especial atención a aqueles que poidan ser de maior relevancia para a cidadanía que reside ou desenvolve a súa actividade empresarial e/ou laboral na provincia de Ourense

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.





Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Os medios de comunicación social son institucións esenciais para o proceso de formación da opinión pública e, polo tanto, para o correcto funcionamento das institucións democráticas e desempeñan un papel de intermediario natural entre a información e cantos non están en condicións de coñecela directamente, papel que se acrecenta con respecto a acontecementos que pola súa entidade poden afectar a todos e por iso acadan unha específica resonancia social.

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación considera de interese para a sociedade galega no seu conxunto potenciar a información e o coñecemento da situación actual da investigación, da industria (incluída a forestal), do comercio, do consumo, da eficiencia enerxética, da innovación e a dinamización empresarial na comunidade autónoma tanto pola incidencia que ten para o futuro económico do país como para a vida cotiá dos cidadáns..

Por outra banda, a entidade La Región, SA realiza unha labor de información e comunicación na área de influencia que abrangue a súa distribución das actuacións da administración autonómica, en xeral, e da Consellería Economía, Emprego e Industria en particular, por considerar de importancia a difusión, entre os seus lectores, de aspectos relacionados coas materias da competencia dela.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e, a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, considérase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente na data que figura na marxe

O secretario xeral técnico

Pablo Casal Espido

